EXERCICIOS DE APOIO
A ANTROPOLOXÍA COMO CAMPO DE ESTUDO

EXERCICIO 1

"Antropoloxía é o estudo científico e humanístico da especie humana; a exploración da diversidade humana no tempo e no espacio. Trata cuestións básicas da existencia humana: onde e cando se produciu a nosa orixe, como temos cambiado ou como seguimos a cambiar. A antropoloxía é holística porque estuda a condición humana coma un todo…É tamén comparativa e transcultural. Compara sistematicamente dados de poboacións e períodos de tempo diferentes"

KOTTAK: *Antropoloxía cultural*

1.- ¿Cómo se define a antropoloxía neste fragmento?
2.- Explica as dúas características que se dan desta disciplina

EXERCICIO 2

"A antropoloxía é o estudio da humanidade, dos pobos antigos e modernos e dos seus estilos de vida. Dada a amplitude de complexidade do tema, as diferentes ramas da antropoloxía céntranse en distintos aspectos ou dimensións da experiencia humana. Algúns antropólogos estudian a evolución da nosa especie, denominada cientificamente Homo sapiens, a partir de especies máis antigas. Outros investigan cómo o Homo sapiens chegou a posuír a facultade, exclusivamente humana, para a linguaxe, e o desenvolvemento e diversificación da linguaxe e modos en que as linguas modernas satisfán as necesidades da comunicación humana. Outros, por último, ocúpanse das tradicións aprendidas do pensamento e conducta que denominamos culturas, investigando cómo xurdiron e se diferenciaron as culturas antigas, e cómo o por qué cambian ou permanecen iguais as culturas modernas"

HARRIS, M: *Antropoloxía cultural*

1.- Cómo se define a antropoloxía no texto
2.- ¿A que ramas da antropoloxía fai referencia Marvin Harris nel?. Utiliza o texto e a información do documento para explicar en qué consisten

EXERCICIO 3

"Por outro lado ao concepto de modernización asimilouse o significado de "pertencer á sociedade occidental contemporánea", coma se esta tivese sido unha condición á que aspiraba case que toda a humanidade. A quen non pareza compartir esta opinión, polas razóns que sexa, encáixaselle coma "atrasado" e vese condeado a desaparecer nun futuro previsible."
HUBINGER: *Antropoloxía e modernidade*

"Pola contra, é extremadamente tentador tratar de establecer relacións que equivalen (entre as culturas) a unha orde de sucesión no tempo. ¿Cómo vai ser que sociedades contemporáneas, que seguen a ignorar a electricidade e a máquina de vapor, non fixesen lembrar a fase correspondente do desenvolvemento da civilización occidental?..... Este xogo, dicimos, é extraordinariamente pernicioso. Das civilizacións desaparecidas conservamos só algúns aspectos, e estes son menos numerosos canto máis antiga é a civilización considerada, posto que os aspectos coñecidos son nada máis os que puideron sobrevivir ás destruccións do tempo. O procedemento consiste, pois en tomar a parte polo todo, en concluír, do feito de que certos aspectos das dúas civilizacións (unha actual e unha desaparecida) exhiben semellanzas, á analoxía de todos os aspectos"
LÉVI-STRAUSS: *Antropoloxía estructural*

1.- A que se asociou o termo modernización?. Busca información no tema para completar esta resposta
2.- Expresa a idea principal do texto de Lévi-Strauss
3.- Por que se produciu e cómo afectou o cambio cara unha visión máis crítica do concepto de modernización ao obxecto da antropoloxía cultural?. Busca información no documento para respostar a esta cuestión.

EXERCICIO 4
Indica a qué escola da antropoloxía cultural poden pertencer os seguintes fragmentos e argumenta a túa resposta:

"…non queremos dicir que as aportacións culturais de Asia ou de Europa, de África ou de América obteñan unha orixinalidade calquera do feito de que estes continentes estean poboados por habitantes de razas diferentes. Se esta orixinalidade existe –e a

cousa non ten dúbidas- refírese a circunstancias xeográficas, históricas e sociolóxicas, non a aptitudes diferentes vinculadas á constitución anatómica ou fisiolóxica dos negros, os amarelos ou os brancos"
LÉVI-STRAUSS: *Antropoloxía estructural*

(Unha función social é) a satisfacción dunha necesidade a través dunha actividade na que os seres humanos cooperan, usan productos e consumen bens"
MALINOWSKI: *A teoría científica da cultura e outros ensaios*

"Podemos dicir que tanto a producción coma a distribución nas comunidades indíxenas non son de ningún modo tan simples coma s supón normalmente. Ambas están baseadas sobre unha forma especial de organización, ambas se entrelazan con outros aspectos tribais, dependendo e tendo efecto sobre outras forzas sociais e psicolóxicas… pasar por alto a relación entre dous ou varios aspectos da vida indíxena é tan erróneo coma pasar por alto calquera dos seus aspectos"
MALINOWSKI: *A economía primitiva dos trobriandeses*

"O antropólogo, mentres examinaba o seu crecente conxunto de materias sobre os costumes dos primitivos, chegou a reparar no enorme papel desempeñado na vida de cada individuo polo ambiente social no que nace e se desenvolve. Aspectos da conducta que estabamos habituados a considerar coma complementos invariables da natureza humana, apareceron un a un como meros resultados da civilización, presentes nos habitantes dun país, ausentes nos de outro, e iso sen cambio de raza"
MEAD: *Adolescencia, sexo e cultura en Samoa*

"Un estudo detallado dos usos en relación coa totalidade da cultura da tribo que os practica, combinado cunha indagación da súa distribución xeográfica entre as tribos veciñas, proporciónanos case sempre os medios para determinar cunha considerable precisión as causas históricas dos procesos psicolóxicos que actuaban durante o seu desenvolvemento"
BOAS: *As limitacións do método comparativo en antropoloxía*

"Pode servir moi ben para lembrarnos que debemos a nosa actual considicón, cos seus numerosos medios de benestar e seguridade, aos esforzos e sacrificios e á loita heroica e a labor paciente dos nosos antepasados bárbaros, e aínda máis remotamente aos nosos antepasados salvaxes. Os seus traballos, as súas penurias e

as súas conquistas foron parte do plan da intelixencia do Ser Supremo que, por desenvolvemento do salvaxe creou ao bárbaro, e por desenvolvemento deste ao home civilizado"

MORGAN: *Desenvolvemento do concepto de propiedade*

EXERCICIO 5

Resposta ás seguintes cuestións referidas ao conxunto do documento para repasar os coñecementos:

1.- En que momento e asociada a que teorías nace a antropoloxía física?

2.- Cal é o obxecto de estudo da antropoloxía física?

3.- Que tipo de sociedades estuda a antropoloxía cultural?

4.- Cal é o obxecto das ciencias humanas?. Cita algunhas delas

5.- Que caracteriza á antropoloxía cultural e a distingue doutras ciencias humanas?

6.- Por que no século XIX hai tanto interese polo estudo das culturas?

7.- En que consiste a observación participante e o traballo de campo na antropoloxía cultural?

8.- En que consisten a perspectiva emic e a perspectiva etic na análise das culturas?

9.- Cal é a visión das culturas segundo o funcionalismo?

10.- Que visión da cultura ten o materialismo cultural?

11.- En que consiste a antropoloxía filosófica?

12.- Cal é o obxecto da antropoloxía lingüística?

13.- Cales cres que poden ser as aportacións aplicadas da antropoloxía médica?

14.- Compara a antropoloxía e a socioloxía

RESPOSTAS

EXERCICIO 1

1.- É o estudio da especie humana, a exploración da diversidade humana no tempo e no espacio

2.- A antropoloxía é:

- Holística: porque estuda a condición humana coma un todo
- Comparativa: porque compara dados de culturas e poboacións humanas diferentes

EXERCICIO 2

1.- A antropoloxía é o estudio da humanidade, dos pobos antigos e modernos e dos seus estilos de vida.

2.- En primeiro lugar refírese á antropoloxía física ou biolóxica: o estudo da evolución da nosa especie a partir de especies máis antigas. Nesta rama indágase sobre os factores biolóxicos e culturais que favoreceron a aparición e a supervivencia da nosa especie, o Homo sapiens. O estudio dos restos de humanos e homínidos denomínase paleontoloxía. Ademais a antropoloxía física ocúpase doutros campos coma a primatoloxía ou a antropoloxía forense.

A continuación Marvin Harris refírese á antropoloxía lingüística, que estudia a linguaxe humana e a diversificación das linguas. A antropoloxía lingüística estuda o contexto social e cultural da linguaxe, analizando as características universais da linguaxe humana, traballa na reconstrucción de linguas antigas, compara diferencias lingüísticas…

Por último Marvin Harris refírese á antropoloxía cultural que analiza as culturas humanas. Unha cultura é unha tradición socialmente aprendida de coñecementos, valores, instrumentos, crenzas e todo tipo de bens materiais e inmateriais que non están dados pola natureza.

EXERCICIO 3

1.- Considerouse que a modernización consistía en parecerse á civilización occidental, á sociedade europea ou norteamericana. Esta consiste na existencia de certo tipo de sistema social: democracia parlamentaria, capitalismo desenvolto, traballo asalariado, …, que afecta a todo tipos os aspectos da vida: organización social, familia, crenzas… Críase moi firmemente na superioridade desta forma de vida e supoñíase que se impoñería sen resistencia no resto do mundo.

2.- Lévi Strauss defende que é insostible comparar as sociedades tradicionais actuais con períodos anteriores da civilización occidental, coma se tratara de sociedades “atrasadas” respecto a esta civilización. Esta comparación non se pode realizar polo feito de que só coñecemos uns poucos aspectos das civilizacións desaparecidas.

3.- Deixáronse de opoñer con tanta radicalidade os conceptos de “sociedades modernas” e “tradicionais”. As sociedades tradicionais cambiaron, polo que xa non eran “puras” ou “sen contaminar” por Occidente. E ademais non se produciu a uniformización cultural esperada, cada sociedade afrontou os seus propios procesos de cambio. Isto levou á antropoloxía cultural a cambiar parcialmente o seu obxecto e comezar a investigar fenómenos próximos á súa cultura ou mesmo integrantes desta.

EXERCICIO 4

Lévi-Strauss pertence ao estructuralismo francés e considera que a mente humana ten unha mesma estructura alá e onde se desenvolva. No texto expón que a diferencia entre unhas culturas e outras débese a circunstancias xeográficas, históricas ou sociolóxicas, e non a diferencias naturais de ningún tipo entre os pobos. Entre as similitudes que observa na mente humana está a tendencia a clasificar, a ordear a realidade, e o recurso, para isto, á oposición binaria.

Malinowski pertence ao funcionalismo. Insiste no concepto de función social. Todos os feitos sociais cumpren algunha función para a comunidade que os practican, calquera costume ou institución buscan satisfacer unha necesidade. Ademais todos os feitos sociais están conectados nun sistema, unha cultura é un todo coherente, coma defende no segundo texto: non se poden illar os aspectos dunha sociedade, todos están conectados.

Margared Mead pertence á escola de Cultura e Personalidade. No texto relata cómo a antropoloxía se percatou de que a diferencia entre as conductas dos individuos debíase á cultura na que se educaran e non a diferencias naturais entre os seres humanos. Mead observou que diferentes patróns de socialización producían tipos diferentes de personalidades e configuracións culturais en diferentes culturas. Defendeu nas súas investigacións que é a cultura, e non a bioloxía nin a raza, o que determina a personalidade dos seres humanos, mesmo no que se refire ás diferencias de comportamento entre homes e mulleres.

Boas defendeu o particularismo histórico. No texto defende que a antropoloxía debe practicar un estudo detallado de cada cultura para comprender as causas e os procesos históricos que deron lugar a eles. O particularismo histórico adicouse a un estudio coidadoso e intensivo das culturas concretas porque cada feito cultural só é comprensible no marco da cultura que o practica. Opúxose ás teses do evolucionismo segundo o cal existe unha liña de evolución polas que pasan as culturas, estando a civilización moderna no grao máis desenvolto de todas cantas se coñecen. Defendeu, pola contra, o relativismo cultural: todas as culturas son iguais en valor e dignidade e só poden ser analizadas e valoradas dende os seus propios presupostos.

Morgan defendeu o Evolucionismo, a primeira escola da antropoloxía cultural, propia do XIX. Morgan defendeu que toda cultura se desenvolve a través dos estadios do salvaxismo (caza), a barbarie (inicio da agricultura) e a civilización (escritura, familia monógama, goberno…). Isto levou ao Evolucionismo a defender que as culturas que

non presentaban os riscos das modernas sociedades americana ou europea do XIX eran sociedades ancoradas en anteriores fases desta liña evolutiva. Practicou o método comparativo, comparando as culturas tradicionais coas de épocas anteriores da evolución dos pobos europeos. As súas teses principias non son na actualidade aceptables.

EXERCICIO 5

1.- No XIX, asociada ao nacemento da teoría evolucionista de Darwin. Segundo Darwin as especies evolucionan unhas a partir de outras sobrevivindo os individuos mellor adaptados (lei da selección natural). Hoxe comprendemos a nosa especie a través da teoría sintética da evolución que suma as aportacións do evolucionismo e da xenética.

2.- Estuda ao “animal humano”, ao ser humano coma ser da natureza. O seu principal método de estudo é a análise de restos fósiles para reconstruír a historia da nosa evolución.

3.- Todo tipo de sociedades e culturas. Inicialmente interesouse unicamente por sociedades exóticas e lonxanas, pero hoxe en día, debido aos procesos de cambio en case que todas as sociedades analiza todo tipo de sociedades. Hoxe é habitual que un/ha antropólogo/a analice fenómenos da súa propia cultura.

4.- Estudan fenómenos que teñen que ver co ser humano, diferenciándose das ciencias da natureza. Entre elas están a socioloxía, a economía ou a psicoloxía.

5.- O holismo e a comparación transcultural. O holismo refírese á visión de conxunto que a antropoloxía pretende dar dos feitos culturais, relacionándoos co conxunto da cultura, así como tamén á visión global do ser humano que pretende proporcionar. A comparación transcultural a comparar unhas culturas con outras tentando atopar semellanzas e diferencias así como explicacións dos feitos culturais.

6.- Polo colonialismo. O reparto de África e outras partes do planeta polas potencias europeas fai que haxa moito interese en coñecer as culturas colonizadas.

7.- O traballo de campo consiste en convivir durante períodos longos de tempo coa cultura ou grupo que se estuda, nel débese practicar a observación participante, que

consiste en escoitar, aprender a lingua, ser aceptado/a polo grupo e participar da súa cultura.

8.- A perspectiva emic refírese á visión que dun feito cultural teñen os membros dunha cultura, a visión etic á visión que ten o/a antropólogo/a que analiza a cultura.

9.- Toda cultura é un sistema no que cada elemento, dende a tecnoloxía ata as crenzas, a organización do poder político, os contos, etc, cumpren unha función.

10.- Os elementos máis concretos das culturas (tecnoloxía, economía, demografía) condicionan aos restantes elementos (familia, política, relixión, visión do mundo...)

11.- Na reflexión sobre o ser humano, a súa natureza e o seu sentido. Nace en Grecia no –V e contén as reflexións dos filósofos e filósofas da historia, aínda que todas as persoas a practicamos cando reflexionamos sobre nós mesmos ou sobre o ser humano.

12.- O estudo da linguaxe humana, comparando a linguaxe humana coas linguaxes animais, comparando linguas, analizando gramáticas, fonéticas, así como analizando de que formas diferentes os/as falantes dunha lingua a utilizan.

13.- Algunhas delas son:
- O coñecemento de que as enfermidades e a curación das enfermidades depende das condicións en que unha sociedade vive.
- Aprendeuse doutras culturas técnicas e a utilidade de distintas substancias como a quinina, a coca, o opio, a efedrina.
- Fai reflexionar sobre os déficitis dos sistemas de sanidade occidentais.
- Serve para introducir innovacións sanitarias con éxito en diferentes culturas.

14.- Inicialmente a socioloxía ocupouse da sociedade industrializada occidental e a antropoloxía das sociedades tradicionais. Hoxe en día esta situación variou, dado que a socioloxía analiza tamén os procesos de cambio noutras sociedades e a antropoloxía pasou a estudar tamén fenómenos da cultura occidental, polo que as relacións entre ambas son máis intensas. O que distingue á antropoloxía cultural segue a ser a súa perspectiva holística e comparativa e o seu método baseado no traballo de campo e na observación participante.